

### **ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO. 3.º DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

#### Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas

Este ámbito está especialmente orientado ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística** e mais da **competencia social e cidadá**, pois ocúpase, por unha banda, da mellora das catro destrezas comunicativas (falar, escribir, escoitar e ler) e, por outra, da comprensión e análise crítica da realidade social, política e económica do mundo actual e da súa evolución. Con todo, contribúe tamén ao desenvolvemento doutras competencias:

**Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.** Ademais dos aspectos sinalados na alínea dedicada á contribución da materia de Lingua Galega á consecución das competencias básicas, cómpre sinalar que dende este ámbito se analiza o espazo natural e mais as transformacións que sobre el realiza a acción humana.

A visión de que o mundo no que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados, máis ou menos libremente, permitiralles ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

A materia de ciencias sociais permite, ademais, analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, e non só os problemas que isto xera, senón tamén as accións que pode arbitrar de xeito responsable para asegurar a protección do ambiente.

A **competencia no tratamento da información e competencia dixital** traballárase mediante o uso das TIC para elaborar os traballos esixidos pola materia (busca de información en diversos soportes, presentación oral apoiada en medios informáticos, corrección de textos mediante ferramentas dixitais...). Por unha banda, aprenderemos a usar as TIC para adquirir coñecementos propios do ámbito e, por outra, aplicaremos as aprendizaxes feitas dende este para converter en coñecemento a sobrecarga informativa ofrecida polos medios de comunicación e as TIC (selección e análise crítica e documentada de información relevante).

A **competencia cultural e artística** traballarase a través do achegamento aos textos literarios e a algúns exemplos de manifestacións salientables do patrimonio material ou inmaterial da realidade territorial que sexa ámbito de estudo.

As **competencias en autonomía e iniciativa persoal e mais para aprender a aprender** abordaranse co traballo en equipo, o uso de diversas fontes e recursos de información e a análise crítica da realidade social e das mensaxes dos medios de comunicación.

## Obxectivos

1. Ler e escoitar con actitude crítica e mais comprender, diferenciando información de opinión, textos relacionados cos contidos do ámbito sociolingüístico procedentes dos medios de comunicación, do ámbito académico e da vida cotiá.
2. Participar en entrevistas, debates ou simposios simulados e producir, coa axuda das TIC, textos orais planificados sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación nos que se contrasten diferentes puntos de vista, así como textos propios do ámbito académico, como as exposicións de traballos.
3. Compoñer, coa axuda das TIC, textos escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais e textos propios dos medios de comunicación que sexan correctos, coherentes, creativos, adecuados e ben presentados.
4. Elaborar traballos académicos correctamente redactados e presentados que esixan o manexo, comprensión e selección de información procedente de diferentes fontes.
5. Empregar eficazmente estratexias de autoavaliación e autocorrección na elaboración, exposición e redacción de traballos.
6. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
7. Coñecer e comprender a situación actual da lingua galega e as circunstancias que inflúen no seu uso e evolución.
8. Observar as principais diferenzas, contextuais e formais, entre usos de distintos niveis e rexistros de lingua e aplicar as variedades adecuadas a cada contexto e situación.
9. Adquirir autonomía, hábito e criterio lector e ampliar a experiencia lectora e a capacidade de gozar e de aprender coa lectura.
10. Valorar e comprender textos literarios galegos e casteláns anteriores ao século XX. Coñecer os períodos literarios e autores máis relevantes de cada un deles.
11. Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nela con plena conciencia dos seus dereitos e deberes dende posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
12. Identificar, analizar e comprender as características do medio

físico e as interaccións que os grupos humanos establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental.

13. Coñecer e valorar o funcionamento das sociedades democráticas actuais e denunciar actitudes e situacións antidemocráticas, discriminatorias e inxustas.
14. Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando as técnicas e procedementos básicos característicos das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, empregando o vocabulario específico.
15. Identificar no tempo e no espazo procesos e acontecementos relevantes co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da humanidade e a comprensión das nocións de cambio e permanencia.
16. Coñecer a diversidade xeográfica do mundo, os seus trazos básicos físicos e humanos e distinguir as grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas.
17. Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.
18. Aprender a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
19. Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.
20. Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas. Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construíndo e recollendo, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

## Contidos, secuencia e temporalización

A maioría dos contidos seleccionados para o ámbito sociolingüístico non se tratarán nun momento puntual do curso académico, senón que irán abordándose e repetíndose en textos e contextos diversos ao longo do ano. Isto é o que sucede coa maioría dos pertencentes ao bloque "Contidos comúns" da área de Ciencias sociais, ou dalgúns contidos dos outros bloques, como os vencellados aos seguintes aspectos:

- Habilidades de escoita activa.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes traballadas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico.
- Comprensión de textos do ámbito académico.
- Adecuación do rexistro ao tipo de texto traballado.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas e cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por producir enunciados correctos. Planificación, revisión e boa presentación dos textos.
- Uso das TIC para elaborar e presentar traballos.
- Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características.
- Lectura en voz alta.
- Lectura persoal de obras adecuadas á idade.
- Aproveitamento dos recursos da biblioteca.
- Composición de textos expositivos propios do ámbito académico.
- Produción de textos pertencentes a distintos xéneros textuais, seguindo modelos propostos previamente pola profesora e analizados na aula.
- Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas...) e elaboración escrita da información obtida.
- Reflexión sobre a lingua.
- Realización de documentos da vida cotiá: o diario e a acta.
- Análise crítica das mensaxes dos medios de comunicación.
- Estudo da ortografía, acentuación, coherencia e cohesión textuais.
- Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e

colaborar na súa conservación.

- Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.

Outros contidos, en cambio, recibirán unha atención específica e intensiva en determinados momentos do curso, sen prexuízo de que, a teor dos proxectos de traballo que se vaian desenvolvendo na aula, poidan adiantarse ou retomarse noutras ocasións ou mesmo continuar repasándose ao longo de todo o ano. Así sucede cos que se indican a continuación.

Serán obxecto de atención preferente na primeira avaliación os seguintes contidos:

- Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación de técnicas de análise do contido: subliñado, esquemas, resumo.
- Organización da información no texto: o parágrafo.
- Fontes de información: o dicionario.
- A definición.
- Historia externa da lingua galega dende a súa formación ata a idade media inclusive.
- A prensa: noticia, crónica, reportaxe e entrevista.
- A variación da lingua: niveis e rexistros.
- O relevo: marco físico das actividades humanas.
- As paisaxes bioclimáticas da terra.

Serán obxecto de atención preferente na segunda avaliación os seguintes contidos:

- Textos propios da vida cotiá: a instancia.
- O texto expositivo: estrutura e nexos.
- Algúns textos expositivos: ficha técnica, recensión, presentación dun relator.
- Literatura galega e castelá na Idade Media.
- Historia externa da lingua galega. Os séculos escuros.
- A organización económica das sociedades: a agricultura, a gandería e a pesca, a industria e a enerxía, os servizos. o desenvolvemento do turismo, comercio e os transportes.
- A economía española e a economía galega: principais trazos e sectores.

Serán obxecto de atención preferente na terceira avaliación os seguintes contidos:

- Historia externa da lingua galega. O século XIX.
- Causas que contribúen á formación, expansión, transformación, minorización, substitución e normalización das linguas.
- Os fenómenos de contacto de linguas: bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...
- O texto instrutivo. Os regulamentos.
- Literatura galega e castelá da Idade Moderna.
- Literatura galega e castelá do século XIX.
- A organización política das sociedades.
- A Unión Europea.
- A organización política e territorial de España.
- A globalización: cara a un sistema mundial.
- Os fenómenos migratorios.

## Metodoloxía didáctica

Este curso terá un enfoque eminentemente práctico. A unidade lingüística fundamental será o discurso e as propiedades textuais un dos piares do bloque de funcionamento da lingua. O estudo da gramática e, en xeral, das formas, estruturas e regras, realizarase mediante a reflexión e a indución sobre usos contextualizados e estará ao servizo da comprensión e produción textuais.

O estudo da literatura realizarase dun xeito indutivo a partir de textos que lle permitan ao alumnado extraer as características principais dos distintos periodos literarios, así como do estilo dos autores e autoras máis significativos.

A metodoloxía de traballo basearase no construtivismo e no enfoque comunicativo, o que se concreta en prácticas coma as seguintes:

- Integraranse contidos das áreas de ciencias sociais e de linguas.
- Traballarase con fontes de información variadas e reais (non especificamente creadas para a aula).
- Incidirase sobre os procedementos.
- Procurarase que o alumnado teña un papel activo na elaboración do seu coñecemento, mediante a indagación, a discusión e a elaboración de conclusións.
- Canto á organización da aula, e en estreita relación co punto anterior, daráselle prioridade ao traballo en pequeno grupo, aínda que tamén haberá tempos para o traballo individual e, dado o número reducido de alumnado, para o traballo en gran grupo.
- Propoñeranse tarefas cognitivamente esixentes e, para que sexan alcanzables, fornecerase o alumnado dos apoios necesarios para realizalas. Entre estes apoios destacarán o diálogo cos compañeiros, a bibliografía, as TIC e a intervención directa do profesorado.



## Materiais e recursos didácticos

No ámbito lingüístico non se empregará libro de texto senón fichas e materiais deseñados ex profeso para este curso, de xeito que os contidos traballados poidan adecuarse mellor ás características particulares do alumnado.

A prensa dixital coa que se abrirán os dez primeiros minutos de cada unha das sesións (dende finais do primeiro trimestre) achegará ao alumnado textos do seu interese, así como outros que deberán ter relación cos contidos que se vaian impartindo no conxunto do ámbito. Dende o punto de vista lingüístico, a lectura da prensa dixital serviranos, asemade, para traballar a estrutura, a lingua e as características propias dos distintos xéneros xornalísticos.

Ademais destes, recorrerase a outros materiais como páxinas web, documentais, filmes, cancións, obras literarias e reportaxes procedentes doutros medios.

Para os contidos propios da área das ciencias sociais, utilizarase o manual do curso de referencia(3.º ESO) durante todo o curso: *Fisterra* da editorial Vicens Vives, e tamén outros materiais que nos permitan ir clarificando os contidos da materia coma textos, mapas, atlas, periódicos, ou materiais audiovisuais. Así mesmo, recorrerase ao uso de fontes orais, para a realización dalgún pequeno traballo de investigación dentro do ámbito da historia local.

No segundo trimestre, ou a comezos do terceiro, e en función do ritmo ao que se vaian acadando os obxectivos básicos da materia, traballarase con algunha das unidades desenvolvidas dentro do Proxectoterra (Identidade Territorial, Arquitectura Popular ou Arquitectura Contemporánea); dentro do marco de traballo destas unidades, e coa finalidade de contribuír a acadar as competencias básicas propostas, intentarase que o alumnado participe nalgunha das actividades complementarias de ditas unidades, como as visitas guiadas a algunha das sete grandes cidades galegas, ou o intercambio territorial a Melgaço, á vila de Allariz ou ás Fragas do Eume.

## Avaliación

Comezarase o labor didáctico coa avaliación inicial do alumnado a través dunha proba específica. Os datos obtidos permitirannos adecuar as actividades e os contidos marcados neste documento para tratalos do xeito máis individualizado posible, así como ter en conta as preferencias manifestadas polo estudiantado á hora de propoñer proxectos de traballo e seleccionar os textos, as obras de lectura e o conxunto de materiais que se van recomendar.

Ademais, haberá unha avaliación formativa e continua ao longo de todo o curso, cun seguimento estreito das actividades individuais e grupais realizadas na aula. Avaliaremos para modificar, se procede, o plan deseñado; para programar un plan de reforzo e para introducir os cambios oportunos na metodoloxía empregada. Por isto a avaliación formativa tratará de analizar as causas das dificultades de aprendizaxe atopadas polos alumnos/as e reorientar o proceso de ensino-aprendizaxe para superar as deficiencias atopadas.

A avaliación cualificará as actividades ordinarias efectuadas polos/as alumnos/as, sen limitarse ao momento de realización dos exames. Con todo, faranse probas escritas (non necesariamente teñen que coincidir coa data de avaliación) que serán fundamentalmente prácticas. Os instrumentos de avaliación terán en conta, ademais destas probas específicas, o seguimento do caderno, o diario de lectura, a entrevista persoal, a observación na aula, os traballos realizados e expostos (de maneira individual ou en grupo) e a realización de tarefas opcionais que sumarán positivamente na cualificación.

Canto aos criterios de cualificación da parte lingüística, á hora de cualificar o alumnado a nota dos exames suporá un 50% da nota final.

O labor diario realizado na casa e na aula, así como o comportamento e mais a actitude mostrada cara á materia, os compañeiros e o profesorado, suporán outro 20% da nota.

Dado que estes alumnos e alumnas teñen especiais dificultades de lectura e comprensión, ademais do traballo específico que se desenvolva na aula, deberán ler diariamente na casa durante un período de tempo non inferior a 20 minutos. Despois da lectura, recollerán as súas impresións nun diario que será revisado semanalmente pola

profesora. Poderán, asemade, realizar recensións e exposicións na aula sobre as obras lidas, co fin de promover o fomento da lectura e facilitar a escolla literaria dos seus compañeiros e compañeiras. A avaliación desta tarefa suporá un 30% da nota trimestral.

A avaliación dos alumnos dentro da parte correspondente á área das Ciencias Sociais terá en conta os seguintes aspectos:

- Traballo realizado diariamente, tanto na aula como na casa (exercicios, estudo...)
- Interese amosado pola materia (actitude colaboradora e participación e atención na clase...)
- Realización de traballos propostos ao longo do curso.
- Orde nos materiais da clase.
- Esfuerzo realizado ao longo do curso.
- Evolución positiva respecto á primeira avaliación.
- Probas escritas ou orais realizadas ao longo de cada trimestre.
- Aproveitamento e traballo realizado sobre as actividades complementarias que se realicen.

A parte correspondente ás probas escritas será dun 60% da nota de cada avaliación. O outro 40% da nota dependerá dos restantes aspectos citados.

## Mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva

Conforme os obxectivos e criterios de avaliación, os contidos mínimos esixibles para superar o curso serán:

- Recoñecemento das ideas principais e secundarias de textos orais e escritos e mais elaboración de resumos e esquemas que as recollan.
- Análise crítica de textos procedentes dos medios de comunicación.
- Participación en debates na aula, exposición oral de traballos e realización de exposicións orais planificadas claras e ordenadas.
- Composición de traballos e, en xeral, textos escritos correctos, coherentes, adecuados e ben presentados.
- Interese pola planificación e revisión dos propios textos.
- Uso, comprensión e incorporación adecuada ás propias producións de diferentes tipos de texto e fontes de información.
- Identificación das causas e consecuencias máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX.
- Valoración da lingua galega como propia de Galicia, comprensión da súa situación actual e interese polo seu proceso de normalización.
- Comprensión e valoración de textos literarios cultos galegos e casteláns de autores relevantes e característicos das etapas medieval, moderna e decimonónica.
- Lectura e comprensión dun mínimo de dúas obras literarias completas por avaliación.
- Participación construtiva nas interaccións comunicativas cos compañeiros e compañeiras.
- Entrega periódica dos traballos e as redaccións ao longo do curso.
- Presentación e contido axeitado tanto do caderno de traballo coma do diario de lectura.
- Interese pola materia e actitude de respecto e de colaboración no traballo da aula.
- Identificación dos principais axentes e institucións Económicas, e do funcionamento básico da economía mundial.
- Recoñecemento dos trazos dos principais sistemas agrarios e as súas paisaxes e dos problemas máis destacados do mundo agrario e a actividade pesqueira actual, sobre todo da galega.

- Comprensión das transformacións que se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia.
- Coñecemento do progresivo proceso de terciarización da economía actual, e do papel dos transportes e as comunicacións no artellamento do espazo e a extensión de novas formas e procesos urbanos.
- Identificación e localización dos principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, dos estados europeos, e as comunidades autónomas de España e a organización político-administrativa e territorial galega e española.
- Manexo dos conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, recoñecemento dos desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, e rexeitamento cara as desigualdades.
- Comprensión da información estatística, expoñendo as súas conclusións, e identificando diferenzas entre as variables amosadas.
- Coñecemento das tendencias do crecemento demográfico e do desenvolvemento económico -en particular a división mundial do traballo- que explican os fluxos migratorios predominantes.
- Utilización correcta de fontes diversas (gráficas, cartográficas, orais) para obter, relacionar, procesar e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible.
- Actitude de sensibilidade ante problemas do mundo actual (racismo, sexismo, deterioración ambiental, actitudes consumistas).

